



ACTO PÚBLICO DE HOMENAXE Á CORPORACIÓN REPUBLICANA DO 1936



Venres, 19 de setembro, 2014
20:30 horas



Casa do Concello
Salón de Plenos



Feitos iniciais

Nas eleccións a Cortes Xerais celebradas o 16 de febreiro do 1936 a Frente Popular conseguiu a vitoria no Estado e tamén en Teo. Como consecuencia disto, o 11 de marzo o Gobernador Civil da Coruña redactou un oficio na que cesou o conxunto da Corporación anterior e procedeu ó nomeamento dunha Xestora da que formaban parte os Sres. Rodríguez Vázquez, Liste Forján, Seoane Framil, Parajó Tellado, Otero Lueiro, García Torres, Balado Barros, Blanco García, Casal García, Fandiño Iglesias, Iglesias Boullón, Liñares Pereiro, Otero Carballal, Puente Fernández, Rosende Rosende, Torres Viño e Trazado Iglesias.

Reunidos os anteriores na Casa Consistorial o día 16 de marzo e coa presidencia do concelleiro de maior idade, Iglesias Boullón, procederon á elección de alcalde, cargo que, por 16 votos a favor e unha abstención, recaeu en D. José Rodríguez Vázquez.

Pequenas notas biográficas sobre a Corporación municipal que tomou posesión o 16 de marzo do 1936.

José Rodríguez Vázquez

Natural da Xesta (1904), converteuse por razón de casamento en veciño de Balcaide. Era mestre.

Foi membro da primeira directiva do Centro Republicano de Teo. O 14 de abril do 1931 acompañou os concelleiros republicanos na proclamación da República en Teo.

En xaneiro do ano 1932, xunto con Constante Liste, José Paradela e outros, acudiu ó Concello como representante do Sindicato de Oficios Varios para participar nunha reunión de conciliación cos patróns para chegar a un acordo que permitise desconvocar a folga xeral municipal. Coa mediación do alcalde, Manuel J. Viño Gallego, pactáronse importantes melloras para os obreiros que permitiron a volta ó traballo.

Despois do Golpe de Estado foi detido e estivo na cadea de Santiago, onde coincidiu co pintor Camilo Díaz Baliño, quen deixou del un retrato a lapis, que, segundo Manolo Rivas, era de carpinteiro. Ó saír da cadea marchou a Buenos Aires.

No ano 1937 figura na prensa nunha relación de multados con 500 pesetas por “manifiesta desafección al Glorioso Movimiento Nacional con motivo de un acto patriótico celebrado en Calo”.

Constante Liste Forján

Era natural de Ameneiro (1900) e veciño por razón de casamento da Casalonga.

No ano 1932 figura como vogal na directiva do Centro Republicano de Teo, por quen actuara de interventor nas eleccións xerais na mesa de Reis evitando que se cometera unha cacicada.

Foi presidente do Sindicato de Oficios Varios de Teo e Ames, ó que pertencía na súa condición de canteiro. En xaneiro do ano 1932, xunto con José Rodríguez Vázquez, José Paradela e outros, acudiu ó Concello como representante do Sindicato de Oficios Varios para participar nunha reunión de conciliación cos patróns para chegar a un acordo que permitise desconvocar a folga xeral municipal. Coa mediación do alcalde, Manuel J. Viño Gallego, pactáronse importantes melloras para os obreiros que permitiron a volta ó traballo.

O 16 de marzo foi elixido 1º Tenente de Alcalde. Despois do Golpe de Estado foi detido e posteriormente fusilado, presumiblemente en Boisaca. O seu corpo nunca se recuperou.

José Seoane Framil

Natural de Recesende (1888), foi un labrego veciño de Cacheiras, distrito polo que o elixiron concelleiro. Estivo emigrado en Buenos Aires, lugar ó que se desprazou varias veces.

Elixido concelleiro no 1931 sen presentar ningunha adscrición partidista, na constitución da primeira corporación republicana de Teo asumiu o ideario do Centro Republicano, do que no ano 1933 actuou como vicepresidente. Formou parte da Comisión de Instrucción Pública desa Corporación, na que, ademais, exerceu como 3º Tenente de Alcalde.

Foi membro do Sindicato de Agricultores y Ganaderos de Cacheiras e da primeira xunta do Patronato do cemiterio da mesma parroquia no ano 1931 despois da súa inauguración.

Na corporación do 36 foi nomeado 2º Tenente de Alcalde.

Ramón Parajó Tellado

Natural e veciño da Igrexa-Luou (1893). Tiña un comercio de tecidos que, posteriormente, convertería nunha mercería.

Acompañou a comitiva de concelleiros electos que no ano 1931 proclamaron a República en Teo. Formou parte da directiva en calidade de secretario do comité local de Luou do Centro Republicano no ano 1932 e no ano 1933 exerceu como presidente do Centro Republicano de Teo.

Na Corporación do 36 encargouse da terceira tenza da alcaldía.

Ricardo Otero Lueiro

Natural e veciño de Balcaide (1903), foi canteiro de profesión.

No ano 1935 nun mitin “de propaganda republicana” celebrado en outubro en Ameneiro tomou a palabra na súa condición de presidente do Sindicato de Oficio Varios, xunto con outros oradores como Maximino Castiñeiras e Juan Jesús Gómez.

Despois do Golpe de Estado fuxiu xunto con Manuel e Eduardo Liste e tamén xunto con eles presentouse en Pontevedra acolléndose ó perdón prometido para as persoas que non tivesen delitos de sangue.

Na Corporación exerceu o cargo de Procurador Síndico (encargado, entre outras cousas, de visar as contas). Na revista *Unión de Teo e Vedra* din del que tiña tendencias “anarcoides”.

Constante García Torres

Natural de Osebe (1882) e veciño da Casalonga. Aínda que nos padróns municipais figura como labrego, tamén era canteiro e nesa condición foi membro do Sindicato de Oficios Varios de Teo e Ames, do que no ano 1927 asumiu as funcións de Vicesecretario.

Na corporación do 36 foi elixido Síndico suplente.

Santiago Alfonso Balado Barros

Natural de Campos-Teo (1899) converteuse en veciño do Outeiro-Oza por razón de matrimonio. Estivera emigrado en Buenos Aires, lugar ó que volveu despois do Golpe de Estado e onde morreu.

Era ferreiro e, segundo información de oídas dos seus familiares, pertencía ó Sindicato de Oficios Varios de Teo, que tiña unha sede para o sur do Concello no lugar de Noceda.

O seu irmán Manuel fora concelleiro na primeira corporación republicana.

Jesús Blanco García

Natural e veciño de Pedrouso-Cacheiras (1899). Era carpinteiro.

No 1932 figura como secretario do Comité Local de Cacheiras do Centro Republicano de Teo.

O seu pai, José Blanco Carballo, fora concelleiro na primeira corporación republicana.

Juan Casal García

Natural e veciño de Tarrío-Recesende (1908), aparece nos padróns municipais como labrego.

O seu pai, Juan Casal Rivas, fora concelleiro en lexislaturas anteriores.

Juan Fandiño Iglesias

Natural da Ermida-Oza (1895). Despois de emigrar á Arxentina, asentouse como comerciante-taberneiro en Agoso-Oza.

Nos anos 1915, 1916 e 1917 figura coas súas cotas ó día entre os membros da Sociedade de Oza e Lucí La Unión en Buenos Aires. Tamén aparece cunha contribución económica para a realización da Festa da Árbore do ano 1916.

José María Iglesias Boullón

Natural Fornelos-Rarís (1872) e veciño de Regoufe-Luou. Estivo emigrado en Buenos Aires onde figura como membro fundador da Unión de Residentes de Luou no ano 1906 e como presidente do primeiro directorio da Federación de Asociacións de Residentes de Teo en Suramérica. Foi o primeiro director da revista *Teo* (despois *Unión de Teo e Vedra*), no ano 1910.

De volta en Luou foi membro e directivo da Asociación de Agricultores y Ganaderos de Luou e do Sindicato de Agricultores de Luou. Cando se conseguiu que o reparto de utilidades (ou imposto municipal sobre as propiedades e as actividades máis coñecido como consumos) fose realizado por unha comisión veciñal, el formou parte da terna que realizou os de Luou.

Formou parte da Corporación Municipal que presidiu o alcalde agrarista Manuel Nogueira Insua (1923-1924) e, posteriormente, tamén desenvolveu o cargo de xuíz de paz do Concello de Teo.

No ano 1931 afiliouse ó Centro Republicano, organización da que foi expulsado por presentar nese mesmo ano a súa candidatura para xuíz de paz, cargo para o cal o Centro designara xa outro candidato.

Manuel Liñares Pereiro

Natural do Aido-Luou (1903), converteuse por razón de casamento en veciño de Vilela-Rarís. Estivo emigrado en Buenos Aires.

No padrón do ano 1935 aparece como labrego, pero a súa profesión foi a de carpinteiro. O seu pai, Manuel Liñares Adrán, que fora emigrante en Montevideo, era o maior contrabuínte de rústica do lugar do Aido.

José S. Otero Carballal

Este comerciante, primeiro con taberna e despois con tenda de comestibles, era natural e veciño de Solláns-Calo (1885).

Estivo emigrado en Buenos Aires, xunto cos seus dous irmáns. Alí, no ano 1910, elixírono síndico na primeira directiva da federación de asociación do residentes de Teo en Sudamérica.

No ano 1916 aparece na prensa como vogal da Federación de Agricultores do partido xudicial de Padrón, xunto con outros teenses como Ramón Ortigueira, Manuel Lueiro ou Manuel Nogueira Ventín. No ano 1928, en tempos do alcalde Alejandro Torrado del Río, aparece como vicepresidente da Xunta Local de Ensinanza.

Foi membro da Sociedade Residentes de Calo en Buenos Aires e da agrupación auxiliar do Centro Republicano de Teo en Buenos Aires.

Andrés Puente Fernández

Natural do lugar de Barco, da veciña parroquia de Couso-A Estrada (1892). Chegou a Valiñas-Reis, lugar en que morreu, por razón de casamento.

Era un albanel cunha pequena empresa construtora. En calidade de representante dos patróns canteiros acudiu ó Concello en xaneiro do ano 1932 para participar nunha reunión de conciliación cos representantes do Sindicatos de Oficios Varios para chegar a un acordo que permitise desconvocar a folga xeral municipal. Coa mediación do alcalde, Manuel J. Viño Gallego, pactáronse importantes melloras para os obreiros que permitiron a volta ó traballo.

Avelino Rosende Rosende

Natural de Mallos-Teo (1898), finou no lugar de Vilar, desa mesma parroquia.

Estivo emigrado en Buenos Aires onde mantivo unha activa vida societaria primeiro na Sociedade de Teo, Vaamonde e Vilariño e, despois, no Centro de Residentes de Teo, do que foi vogal da súa directiva no ano 1920.

Despois do Golpe de Estado un veciño escoitoulle a un grupo de falanxistas nunha taberna de Pontevea que ían a por el. Avisouno e volveu marchar para Buenos Aires.

Ramón Torres Viño

Ebanista natural e veciño de Balcaide (1888).

Nos anos 20 emigrou a Lisboa, onde tiñan negocios os familiares da súa muller, Aurora Lopo Vieites.

Segundo información de prensa, no ano 1934 formou parte do Centro Cultural Deportivo de Calo e organizou unha comparsa que no entroido dese ano percorreu as rúas de Compostela. Nesas mesmas informacións indícase que foi orfeonista do Centro Galego de Lisboa.

Era neto por vía materna de Manuel Viño Gallego, alcalde de Teo entre os anos 1932 e 1936. Morreu no ano 1936 por unha septicemia xeneralizada resultado de cortar un foruncho cunha navalla, segundo informacións dos familiares.

José Trazado Iglesias

Natural e veciño de Pite-Lucí (1882). Nos padróns municipais aparece como labrego.

Estivo emigrado en Buenos Aires. Alí nos anos 1915, 1916 e 1917 figura coas súas cotas ó día entre os membros da Sociedade de Oza e Lucí La Unión en Buenos Aires. Tamén aparece cunha contribución económica para a realización en Oza da Festa da Árbore do ano 1916. Nese mesmo ano foi elixido para formar parte da Directiva da Sociedade. No ano 1917 ocuparía o cargo de Prosecretario.

Acordos de goberno máis salientables

Nos escasos catro meses que a corporación homenaxeada tivo responsabilidades de goberno as súas prioridades estiveron centradas na toma de acordos que posibilitaran o emprego dos moitos parados do concello. Velaquí os máis salientables:

Ámbito municipal.

Rede viaria.

Nova construción.

Solicitudede ó goberno do Estado para a construción dunha estrada de Vilar de Calo a Lampai para enlazar, xa en Padrón, coa que ía da Coruña a Pontevedra.

Reparación.

Solicitudede á Deputación Provincial para a reparación de vías da súa titularidade que se atopaban en mal estado.

Consignación orzamentaria para a reparación de vías de titularidade municipal en mal estado. Acordouse actuar sobre o camiño de Vilela a Rial do Mato (Rarís) e o de Seoane-Vilanova a Osebe-Ramallosa na zona da ponte da Lagoa.

Outras obras públicas.

Fontes. Reparación das dos lugares de:

Osebe (Cacheiras)
Pedrouso (Cacheiras)
Balcaide (Calo)
A Casalonga (Calo)
A Xesta (Calo)
A Grela (Lampai)
Regoufe (Luou)
O Outeiro (Oza)

Lavadoiros. Reparación dos dos lugares de:

Cacheiras
A Casalonga (Calo)

Pontes. Reparación das dos lugares de:

O Vilar (Cacheiras)
Riotinto (Calo)
Costa do Río-Texexe (Calo)
Vilanova (Oza)
As Pías (Rarís)
Rarís (Rarís)

Escolas. Reparación dos defectos construtivos da Escola de Francos.

Instrución Pública.

O interese desta corporación pola instrución pública maniféstase no acordo, tomado o día 6 de xuño, de desdobrar a escola mixta de Rarís, coa creación dunha nova para as nenas, e de crear unha escola mixta na Ramallosa.

Intervención de ámbito galego.

Acordo de acudir á reunión de representantes rexionais en Santiago para tratar o asunto do Estatuto de Autonomía.

Acordo para entregar 250 pesetas ó Comité Pro-Autonomía de Galicia para axudar a sufragar os gastos da campaña do Estatuto.

Feitos finais

O 18 de xullo do 1936 produciuse o Golpe de Estado.

O 4 de agosto, na Casa do Concello na Ramallosa, o cabo da garda civil Guillermo Piñeiro Corredoira, cumprindo ordes do Delegado Xefe de Orde Pública de Santiago, cesou no seu cargo ó alcalde anterior e a toda a súa corporacións e, no mesmo momento, nomeou para o mesmo cargo a Gabriel Varela Crego.

O día 19 de setembro do 1936 o alcalde Varela Crego co nomeamento dos seus concelleiros constituíu o novo Consello Municipal.